



**ACTA Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “ORGANIZACIÓN E CATERING DA FESTA DOS MAIORES 2017”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D^a. M^a Magdalena Pérez Millares (Concelleira Delegada de Servizos Sociais).
- D^a. M^a Isabel García Santos (traballadora social do Concello).
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 11:20 horas.

HORA DE REMATE: 11:30 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **18 de abril de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de servizos “Organización e catering da Festa dos Maiores 2017” (cláusula 14^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Acto público de apertura do sobre nº 2 (“Criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor”) presentado polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato de servizos “Organización e catering da Festa dos Maiores 2017”.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta de que o único empresario que concorreu á licitación foi JOSÉ FAJARDO, S.L., sendo admitido ao procedemento.

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

De seguido, procédese á apertura do sobre nº 2 (“Criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor”) da proposición presentadas polo único empresario que concorreu á licitación.

Concluído o acto público de apertura do sobre nº 2, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Único.- Remitir o proxecto de prestación dos servizos (sobre nº 2) presentada polo licitador que concorreu ao procedemento ao servizo municipal competente, para a súa avaliación conforme aos criterios de adxudicación non avaliábeles automaticamente previstos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Porto do Son, 18 de abril de 2017.

Presidente,

Vogal,

Vogal,

Vogal,

D. José Luis Oujo Pouso. D^a. María José Maneiro Quintáns. D^a. M^a Magdalena Pérez Millares. D^a. M^a Isabel García Santos.

Vogal,

Vogal,

Secretaria,

D^a. M^a Mar Lirola Delgado. D. José Manuel González García. D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez.